

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018501	IES Monte Carrasco	Cangas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Oratoria	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	8
3.1. Relación de unidades didácticas	9
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	35

1. Introducción

Esta programación está elaborada para o 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo fixado para a materia optativa de Oratoria no Decreto 156/2022, do 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 26 de setembro de 2022).

O IES Monte Carrasco imparte unicamente os cursos de 1º a 4º da Secundaria Obrigatoria, non acolle ensinanzas postobrigatorias e está localizado na periferia do núcleo urbano de Cangas polo que a maioría do alumnado é transportado en bus. Non hai xornadas lectivas de tarde e resulta complicado, pola carencia de liñas de transporte urbano, organizar actividades extraescolares no centro.

A implicación das familias na educación do alumnado é desigual e, desde a pandemia e as sucesivas crises económicas, delicada nalgúns casos. Non todas as familias están en condicións de facilitar as axudas que os/as estudantes precisan para progresar, ben por falta de implicación, tempo recursos económicos... Ademais, tanto o benestar emocional do alumnado e as súas familias, como o do profesorado resentíuse notablemente nos últimos cursos.

Os centros adscritos son o CEIP San Roque e o IES María Soliño. Non obstante, todos os anos prodúcese un fluxo pequeno de alumnado con outros centros, públicos e concertados, de secundaria e de primaria do Concello. Estes movementos do alumnado non son significativos e practicamente a totalidade do alumnado que comeza os estudos no centro, tamén os remata. Este feito é importante porque no curso de 3º o alumnado conta cunhas rutinas, terminoloxía e métodos de traballo iniciados en 1º que xa están minimamente asentados neste nivel.

As instalacións do centro están todas en boas condicións. As máis

importantes para o desenvolvemento das nosas clases son a Aula de Polos Creativos e a Biblioteca. A primeira é un espazo diáfano e versátil, moi útil para o traballo cooperativo. Conta ademais cunha importante dotación de equipamento dixital e audiovisual que pode ser empregado para a realización de actividades e tarefas (equipamento de radio, cámara, croma...). A Biblioteca, con fondos actualizados, tamé é unha aula clave para a materia. A participación no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, grazas ao intenso traballo da profesora coordinadora pertencente ao Departamento de Lingua Galega e Literatura, permite que conte cunha relación de fondos documentais moi pertinente para a materia, como tamén o son os encontros con artistas e persoas relevantes da cultura que se organizan desde a Biblioteca, así como as charlas e conferencias que se organizan desde múltiples departamentos e constitúen modelos de exposición pública diferentes aos xa coñecidos polo alumnado.

Posto que o centro participa no Programa Edixgal en todos os niveis o alumnado conta con portátiles de uso persoal no centro que tamén poden levar aos seus domicilios. En consecuencia, a elaboración dos materiais didácticos son, a maioría deles, de elaboración propia ou proceden de fontes diversas ao non estar establecido un libro de texto dunha editorial concreta. Non obstante, a docente manexa distintas propostas editoriais que adapta á realidade e ás necesidades da aula.

A número de estudantes desta asignatura optativa son sete, cinco mulleres e dous homes procedentes de 3ºA e 3º B 3. En canto á diversidade do alumnado, alén das diferencias en canto ás afeccións, ao interese nos estudos, vocacións, etc., os talentos e ás capacidades son diversos como por outra parte cabe esperar. Neste subgrupo non repite curso ningún estudante e aplicarase algunha medida de reforzo se é preciso. Dado o pequeno número de estudantes e a natureza eminentemente participa da materia, a atención individualizada do alumnado está garantizada, mais de

ser o caso aplicaranse as medidas específicas de cada un dos protocolos que ten deseñado a Consellería xunto coas orientacións concretas que ofrece o departamento de Orientación.

Como se recolle no Currículo de Educación Secundaria Obrigatoria (Decreto 156/2022, do 15 de setembro; DOG do 26/09/2022): "A arte de falar en público conseguiu en moitas ocasións transformar sociedades e persoas. A nosa é a época histórica que máis recorre a oratoria, pois é a que dispoñe de máis oportunidades e medios para conseguir transformacións e melloras. Nunca como hoxe houbo tantas situacións e tantos contextos en que calquera persoa poida ou deba actuar como oradora, e nunca como hoxe as mensaxes persuasivas chegaron con tanta insistencia a unha audiencia masiva. Por iso é especialmente relevante na actualidade prepararse para producilas e comprendelas de maneira adecuada. Nunca como hoxe houbo tantas situacións e tantos contextos en que calquera persoa poida ou deba actuar como oradora, e nunca como hoxe as mensaxes persuasivas chegaron con tanta insistencia a unha audiencia masiva. Por iso é especialmente relevante na actualidade prepararse para producilas e comprendelas de maneira adecuada". Tendo en conta esta circunstancia e asumindo o feito indiscutible de que nas interaccións sociais cotiás de cada día, debemos escoitar, falar, participar, debater, decidir, comprender, defender e, ademais en determinados contextos, convencer sempre desde os principios da tolerancia e respecto o feito de ser bo comunicador ou comunicadora pode marcar unha diferenza substancial tanto nas relacións persoais como no éxito da carreira académica e profesional. Trátase dunha habilidade social básica e de presenza central, constante e manifesta na nosa vida cotiá que debe traballarse no ensino obrigatorio.

É por iso que esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias clave, das que aquí destacaremos

tres: a competencia en comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, sobre todo das de carácter oral; as competencias persoal, social e de aprender a aprender, pois a oratoria carece de sentido se non é para potenciar o autocoñecemento e para participar de xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional; e a competencia emprendedora, pois a oratoria fomenta a proactividade.

Os contidos da materia distribúense en catro bloques, nos cales se observa o peso da clásica división da oratoria en cinco partes: «inventio»(procura dos materiais necesarios para a conformación do discurso), «dispositio»(elección e estruturación deses materiais), «elocutio»(textualización do discurso), «memoria»(memorización) e «actio»(posta en escena do discurso).

O primeiro bloque, «O discurso persuasivo: a arte de falar e convencer», pretende ofrecerlle ao alumnado un primeiro achegamento ás bases fundamentais da oratoria e a mostras representativas de discursos de índole persuasiva. Trátase de que o alumnado, alén de pór en práctica as destrezas fundamentais da comprensión de lectura e de escoita comprensiva, se familiarice con discursos persuasivos variados e coñeza os seus procedementos construtivos e elocutivos. Estes exemplos poden constituír modelos para que o alumnado elabore posteriormente as súas propias creacións desde a honestidade intelectual e desde a vontade de alcanzar o entendemento entre posturas contrarias. Ao mesmo tempo, aprenderá a identificar as estrataxemas de quen presenta deliberadamente non unha verdade, senón unha aparencia de verdade.

O segundo bloque, «A selección de información: inventio», dedícase ás destrezas de procura, selección e tratamento da información. Un coñecemento adecuado do tema do discurso, conseguido grazas á investigación e á aplicación de técnicas de traballo intelectual, é fundamental para adquirir a autoconfianza que todas as persoas precisan para falar ante un auditorio. Por

iso, a través do manexo de diferentes fontes, o alumnado afondará no coñecemento do tema do discurso; diferenciará entre información e opinión e adoptará unha postura crítica á hora de analizar a información que obteña das distintas fontes.

O terceiro bloque, «A preparación do discurso: dispositio, elocutio e memoria», ten como punto de partida o feito de que unha estrutura clara e ordenada do texto e un manexo axeitado da lingua e das técnicas da retórica son atributos necesarios de calquera discurso oral eficaz, que haberá que memorizar deixando certa marxe á espontaneidade. O tratamento destes contidos é, xa que logo, imprescindible, pois sobre eles se asentará todo o traballo posterior coa oralidade.

No cuarto e último bloque, «A presentación do discurso: actio», aplícanse todos os contidos dos anteriores, pois a oratoria ten como fin último a presentación oral dun discurso ante un auditorio. Teñen especial importancia os aspectos relacionados coa xestión emocional do/da orador/a e será requisito indispensable crear na aula un clima de confianza e seguridade para que o alumnado experimente a satisfacción que supón ter a oportunidade de presentar ante un auditorio as propias ideas e opinións. Alén diso, neste bloque inclúense contidos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que deben constituír un mero apoio sen restar protagonismo á persoa e ao seu discurso.

O alumnado empregará a palabra e as técnicas da retórica e da oratoria para presentar proxectos, achegas, opinións ou refutacións en foros diversos en que poida participar (xuntanzas no ámbito escolar, asociativo etc.) ou en simulacións de foros institucionais ou profesionais (intervencións de tipo político, profesional, académico etc.), optando por perspectivas innovadoras que transformen positivamente a realidade e defendan os dereitos fundamentais da nosa democracia.

En definitiva, a oratoria contribuirá a desenvolver habilidades

fundamentais, pois as persoas que se expresan ben en público acostuman a obter mellores resultados académicos en todas as materias, xestionan mellor as súas emocións, fomentan a súa capacidade crítica, xeran pontes de entendemento co seu auditorio e exercen con eficacia o seu liderado. A materia de Oratoria preséntase en 3º de ESO como un soporte amplo e sólido para o desenvolvemento integral do alumnado nun momento moi preciso da súa formación. Expoñer ideas e debater opinións son trazos de madurez individual que poderán ser desenvolvidos nos seguintes niveis educativos e que se proxectarán nunha vida colectiva tamén máis rica e ampla, como se espera dunha sociedade democraticamente avanzada.

Como o deseño desta materia é plenamente competencial, as aprendizaxes nela adquiridas poderán ser transferidas a outras materias e contextos de aprendizaxe. O proxecto das Raíces ás Estrelas, dentro do programa de innovación educativa Polos Creativos, encaixa perfectamente nos obxectivos da materia e, desde un enfoque interdisciplinar colaboraremos con outras materias nas diferentes accións deseñadas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Na estela de Atenea. A oratoria como oportunidade	A comunicación pública. Reflexionaremos sobre as implicacións e as estratexias que mobilizamos cando falamos en público. Exploraremos cales son as destrezas que consideremos necesarias para comunicarmos e como podemos xestionar as nosas emocións e influír nas de quen nosd escoita.	15	15	X		
2	Tecedeiras: análise de discursos	Os actos comunicativos son eventos complexos nos que conflúen linguaxes, códigos e convencións diferentes que debemos controlar de maneira consciente. Analizaremos discursos e prácticas orais diversas para identificar as súas características e os efectos que poden ocasionar no auditorio. Comprensión, análise e valoración de diferentes xéneros discursivos orais, audiovisuais e escritos.	15	15	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	As moiras: tecedoras dos destinos? Máis alá do destino tráxico	A expresión teatral (xogos e interpretación de pezas) como ferramenta que permite deshinibición, desenvolve a autoconfianza, cohesiona o grupo e permite experimentar o poder de establecer vínculos co grupo e o público. Un dos obxectivos finais será a representación o lectura dramatizada dalgunha peza.	15	20	X	X	X
4	Ariadna: o fío no labirinto. Fases para construír un discurso efectivo	O achado de información, identificación de fontes, organización da información. Analizaremos as cuestións que se deben valorar sempre que se enfronta unha intervención planificada en público. A) Información previa: Que se desexa transmitir, con que é o obxectivo?, quen son os destinatarios?, que duración debe ter a presentación?, onde e cando se intervirá? B) Fase de elaboración: Estrutura: importancia da apertura, desenvolvemento organizado, final contundente. C) A improvisación. O seu papel e a necesidade de estar abertos/as a ela.	20	15	X	X	X
5	A morte de Penélope. A arte de convencer como motor do cambio	A produción de discursos potentes, coherentes e con forza argumentativa é un axente para o cambio. Traballaranse variados formatos e xéneros de discursos persuasivos orais e escritos. Analizaranse e elaboraranse producións variadas incidindo na dimensión crítica e ética do pensamento e das accións.	20	20	X	X	X
6	Concilios e torneos	Os debates, as assembleas para a toma de decisións e os torneos académicos.	15	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Na estela de Atenea. A oratoria como oportunidade	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Coñecer como xurdíu a Oratoria como disciplina que fornece ás persoas dunha ferramenta eficaz para desenvolver as súas capacidades comunicativas e confrontar ideas de xeito construtivo.	PE	30
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Expresase con naturalidade, empatía e asertividade.	TI	70
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Transmite confianza e controla, na medida do posible, o nerviosismo cando fala en público.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).

UD	Título da UD	Duración
2	Tecedeiras: análise de discursos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Nos textos dos medios de comunicación e do ámbito académico identifica a intención persuasiva, reconece a tese e diferenciar, como mínimo, os argumentos obxectivos dos emocionais.	PE	40
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valora a concisión, a claridade e o impacto das mensaxes persuasivas.		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Diferencia as fontes primarias das secundarias e manexa con pericia as fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, nomeadamente, Internet.	TI	60
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Distingue os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, imaxes...).		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Como mínimo, o alumnado escolle adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumnado diferencia entre informacións e opinións, ao tempo que é respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.

UD	Título da UD	Duración
3	As moiras: tecedoras dos destinos? Máis alá do destino tráxico	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Traballa na produción, interacción e memorización de textos propios e alleos para a súa presentación pública	TI	100
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Memoriza textos breves e de certa extensión para interpretalos ante un auditorio de xeito natural, claro e expresivo.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumnado expresarase con naturalidade, empatía e asertividade.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	O alumnado transmitirá confianza e controlará, na medida do posible, o nerviosismo cando fale en público.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Os alumnos e as alumnas deberán pronunciar correctamente, cun volume audible, a un ritmo pausado, manexando as pausas e os silencios.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Como mínimo, o alumnado coidará a expresión facial e evitará os xestos repetitivos que denoten nerviosismo ou falta de preparación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	O alumnado utilizará a ferramentas dixitais para crear unha presentación que apoie a súa proposta para promover o desenvolvemento sostible.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	O alumnado practicará mediante o debate a escoita activa: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Interiorización do discurso. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. - Proxémica: espazo escénico. - Naturalidade fronte a artificiosidade.

UD	Título da UD	Duración
4	Ariadna: o fío no labirinto. Fases para construír un discurso efectivo	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Coñece e fases de construción do discurso e aplícaaas ás súas producións.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Nos discursos producidos diferénciase con claridade a introdución, o corpo argumentativo e a conclusión. Os argumentos organízanse a unha orde lóxica.	PE	35
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Elabora textos dixitais (presentacións, vídeos, infografías...) de calidade e eficaces.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Diferencia as fontes primarias das secundarias e manexa con pericia as fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, nomeadamente, Internet.	TI	65
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Aplica correctamente os criterios de selección das fontes documentais.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Distingue os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, imaxes...), diferencia entre informacións e opinións.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Escolle adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...).		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Navega en internet e emprega os recursos dixitais de xeito seguro e de maneira respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Os alumnos e as alumnas deberán adaptar o seu discurso ao receptor, á canle, á temática e ao contexto.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Emprega argumentos de autoridade, ad populum, analogías, exemplificacións e datos obxectivos que avalen as súas opinións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.

UD	Título da UD	Duración
5	A morte de Penélope. A arte de convencer como motor do cambio	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Selecciona e expresa con claridade os argumentos e contraargumentos necesarios para defender ou invalidar unha tese.	PE	35
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Distingue os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, imaxes...), diferencia entre informacións e opinións.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Escolle adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...).		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Crea textos coherentes, cohesionados, adecuados e correctos de acordo á intención comunicativa da mensaxe.		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Diferencia as fontes primarias das secundarias e manexa con pericia as fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, nomeadamente, Internet.	TI	65
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Aplica correctamente os criterios de selección das fontes documentais.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Navega en internet e emprega os recursos dixitais de xeito seguro e de maneira respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Adapta o seu discurso ao receptor, á canle, á temática e ao contexto.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	No discurso, diferenciaranse con claridade a introdución, o corpo argumentativo e a conclusión. Os argumentos deberán organizarse atendendo a unha orde lóxica.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Utiliza argumentos de autoridade, ad populum, analoxías, exemplificacións e datos obxectivos que avalen as súas opinións.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Revisa e mellora as súas producións textuais e intervencións orais.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumnado expresarase con naturalidade, empatía e asertividade.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	O alumnado transmitirá confianza e controlará, na medida do posible, o nerviosismo cando fale en público.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Os alumnos e as alumnas deberán pronunciar correctamente, cun volume audible, a un ritmo pausado, manexando as pausas e os silencios.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	A súa linguaxe non verbal pontenciará o discurso e será natural.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	O alumnado utilizará a ferramenta Genially (ou outra similar da súa preferencia) para crear unha presentación que apoie a súa proposta para promover o desenvolvemento sostible.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	O alumnado practicará mediante o debate a escoita activa: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para prever a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Coherencia e cohesión.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Interiorización do discurso. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. - Proxémica: espazo escénico. - Naturalidade fronte a artificiosidade. - Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso. - O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

UD	Título da UD	Duración
6	Concilios e torneos	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Selecciona e expresa con claridade os argumentos e contraargumentos necesarios para defender ou invalidar unha tese.	PE	23
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Crea textos coherentes, cohesionados, adecuados e correctos de acordo á intención comunicativa da mensaxe.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Revisa e mellora as súas producións textuais e intervencións orais.		
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	Pon en relación as técnicas do debate dialéctico coa oratoria, a arte de falar, e a retórica, a arte de persuadir.	TI	77
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Diferencia as fontes primarias das secundarias e manexa con pericia as fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, nomeadamente, Internet.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Aplica correctamente os criterios de selección das fontes documentais.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Distingue os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, imaxes...), diferencia entre informacións e opinións.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Escolle adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas., exemplos..).		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Navega en internet e emprega os recursos dixitais de xeito seguro e de maneira respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Deseña as súas intervencións ao marco do debate tendo en conta os interlocutores, o público, a canle, a temática e o contexto. Manexa con soltura e diferencia os roles de introdutor, refutador e encargado da conclusión.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Nas súas intervencións diferénciase con claridade a os Os argumentos deberán organizarse atendendo a unha orde lóxica.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Utiliza argumentos de autoridade, ad populum, analoxías, exemplificacións e datos obxectivos que avalen as súas opinións.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Manexa técnicas para memorizar o discurso.		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Interioriza un discurso que ten memorizado adaptándose ao tempo de exposición.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumnado expresarase con naturalidade, empatía e asertividade.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Transmite confianza e controla, na medida do posible, o nerviosismo cando fala en público.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronuncia correctamente, cun volume audible, a un ritmo pausado, manexando as pausas e os silencios.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Ofrece unha presenza escénica natural e confiada.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Practica mediante o debate a escoita activa: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A argumentación como factor clave: tipos de argumentos.
- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.
- Documentación e investigación. Alfabetización mediática.
- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).
- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación
- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.
- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.
- Adecuación do discurso ao contexto.
- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.
- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.
- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.
- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.
- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.
- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Corrección lingüística.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.
- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Adoptarase unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. Ao tempo implementaranse métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmo.

Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (expresión oral e escrita, comunicación, resolución de problemas...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Oratoria con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos distintos departamentos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. A participación do centro dentro do Proxecto de Innovación Educativa Polo Creativos permitirá que o alumnado de Oratoria contextualice o desenvolvemento das súas competencias nos proxectos que se van desenvolver nas diferentes áreas e materias. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

- 1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.
- 2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación propia. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.
- 3) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna do alumnado. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.
- 4) Creación de textos escritos pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).
- 5) Creación de textos con intención persuasiva a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (reportaxes, crónicas, columnas, artigos de opinión...).
- 6) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas.
- 7) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.
- 8) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados pola profesora.

Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais que integran a programación didáctica da materia de Oratoria debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Oratoria supón o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise crítica. O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea. O emprego de actividades interactivas, animacións, visionado de material audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia, aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diferente tipoloxía, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma. O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

En definitiva, os contidos da materia integraranse na aula a través de cinco unidades didácticas que favorecerán a transversalidade e interdisciplinidade por medio da planificación, análise e emprego de estratexias baseadas na resolución de problemas tales como os principios de dedución e indución ou a comprobación da viabilidade da solución proposta á situación descrita. Será necesario tamén o desenvolvemento de actitudes como o rigor, a perseverancia, a cooperación e a responsabilidade entre os distintos membros dos grupos de traballo para provocar o rexeitamento de estereotipos, xerar debate, construír un pensamento crítico sólido, definido e individual e motivar os cambios necesarios para o promover o avance social.

De especial interese para a materia será o libro de texto coordinado por Rocío Calvo (coord.) "Oratoria y Debate" da editorial Alegoría, do que se extraerán actividades e documentos útiles para a súa explotación na aula e tamén a monografía de Mónica Pérez de las Heras, "100 actividades para hablar en público en el aula. Oratoria para colegios e institutos".

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Coa finalidade de establecer os coñecementos e o nivel inicial do alumnado, durante as primeiras semanas do curso a profesora realizará unha avaliación inicial. Esta pode basearse ben na observación individualizada dos desempeños do alumnado a través da realización de diferentes actividades durante os primeiros días do curso. Ao longo das dúas primeiras semanas realizaranse debates, conversacións espontáneas, presentacións orais ou visionado de vídeos para comprobar o nivel competencial de cada alumno/a. En función dos resultados obtidos adoptaranse as medidas de atención á diversidade pertinentes no caso de detectar necesidades específicas de apoio educativo. No caso de identificarse necesidades ou eivas de carácter grupal, faranse as adaptacións precisas na PD.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	20	20	15	100
Proba escrita	30	40	0	35	35	23	28
Táboa de indicadores	70	60	100	65	65	77	72

Criterios de cualificación:

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, formativa e integradora, isto é, durante todo o curso retomaranse e avaliarase contidos xa traballados en cursos pasados ou no actual. Ademais terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino, como dos procesos de aprendizaxe. Como é lóxico, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Neste sentido, é desexable que non transcorra demasiado tempo desde a entrega da probas ou produtos por parte do alumnado e a corrección e valoración dos mesmos por parte da profesora.

O punto de arranque dos procesos de avaliación comeza coa avaliación inicial do alumnado, momento que servirá para axustar o grao mínimo de consecución dos diferentes criterios establecido na PD.

Nas diferentes avaliacións parciais, os instrumentos empregados serán variados, se ben, tal e como se recolle na aplicación PROENS organízanse en dous tipos: proba escrita (engloba aqueles instrumentos nos que o alumnado demostra o seu coñecemento a través dunha evidencia escrita, isto é, proba obxectiva, produción de textos) ou mediante táboa de indicadores (recolle os instrumentos nos que o alumnado

demostra o seu desempeño a través dunha evidencia que o profesorado comprobará co apoio dunha lista de ítems/indicadores ou escalas de estimación/valoración).

Se ben a corrección das probas teóricas cinguirase a valoracións como correcto, incompleto, incorrecto, nas producións textuais (orais, escritas) ou no caso de proxectos ou tarefas de certa complexidade, empregaranse rúbricas a fin de establecer niveis de logro e descrición das aprendizaxes para que o estudante poida mellorar nos seus desempeños xa que poderá comprender con facilidade que se espera que sexa quen de facer. Ademais, dado que se recurrirá á coavaliación e á autoavaliación nalgunhas tarefas o alumnado será parte activa na súa aprendizaxe, mellorando así a súa competencia persoal, social e a de aprender a aprender (CPSAA) ademais da competencia emprendedora (CE) ao participar de xeito responsable na súa propia aprendizaxe.

Os instrumentos empregados serán:

a) Probas obxectivas: estas, orais ou escritas, poderán conter, segundo o caso, preguntas concretas e pechadas, preguntas abertas, datos para unha posterior interpretación, exposicións de temas, resolución de exercicios, producións complexas do alumnado etc.

b) Táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, listas de cotexo, etc) para valorar produción do alumnado e o seu traballo na aula: formulación de dúbidas, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións, resumos, esquemas, mapas conceptuais, composicións de textos, comentarios de texto, participación en foros virtuais, podcast, producións audiovisuais...

Para a obtención da cualificación de cada avaliación, a ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas, se ben o cálculo global da nota trimestral axustarase ás seguintes porcentaxes:

- 20% Conceptos da oratoria e retórica
- 40% Análise e comentario de textos orais escritos.
- 40% Produción de textos orais e escritos.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións parciais.
- 2.- A media entre as tres avaliacións parciais chega a 5. Cunha nota inferior a 5 non se fará media e haberá que facer tarefas de recuperación para poder aprobar na avaliación final.

A CUALIFICACIÓN FINAL DE XUÑO obterase a partir da media aritmética das tres avaliacións parciais. A nota final da materia calcularase tendo en conta o valor decimal de todos os trimestres.

REDONDEO NAS NOTAS DO BOLETÍN E NA FINAL. Sempre e cando o progreso do traballo de cada estudante, considerado de xeito singular, teña sido positivo e a súa progresión, ao longo do curso, fose ascendente nas avaliacións parciais e na final poderase efectuar un redondeo da nota a partir dun valor decimal 0,75. Noutras palabras, o redondeo da nota non é automático nin universal en todos os casos.

PRECISIÓNS SOBRE AS CORRECCIÓNS E CUALIFICACIÓNS DAS PRODUCIÓNS E PROBAS DO ALUMNADO

1. Nos exames e traballos esixiráselle unha presentación correcta en canto a marxes, sangrados, letra lexible e ausencia de riscadas. No caso de presentar o traballo cun procesador de textos deberán respectarse ás normas de presentación de traballos dixitais elaboradas polo departamento e que se lle facilita ao alumnado coas instrucións da tarefa. En ambos casos a expresión escrita debe estar normalizada en canto a ortografía, acentuación, puntuación, coherencia sintáctica e semántica e cun uso apropiado do nivel léxico e do rexistro.

2. As producións dos alumnos cualificaranse sobre 10. A profesora decidirá e indicará cales formarán parte das producións cualificables na nota de avaliación, en función dos contidos

impartidos en cada trimestre. Tamén fixará o valor de cada unha delas segundo o número de entregas demandadas na avaliación e o seu grao de complexidade. Na cualificación da avaliación aplicaráselles a porcentaxe correspondentes.

3. A profesora revisará e cualificará diversas producións dos alumnos. Estes deberán archivar este material corrixido e telo a disposición da docente.

4. Os prazos e as condicións de entrega dos traballos e das tarefas, así como as datas de exames deben ser respectados. Se por razóns de forza maior (enfermidade, urxencia familiar...), o/a alumno/a non pode respectala, sempre que se xustifique debidamente, poderá fixarse unha nova data. No caso de non entregarse no día marcado polo profesor/a, recollerase na clase seguinte coa penalización de que a nota será a metade da obtida. De non entregarse no día nin na clase seguinte, a nota será de cero.

5. Corrección ortográfica. Agás no caso de aqueles alumnos que contén cun informe específico do departamento de orientación que identifique dificultades específicas neste eido, en cuxo caso se adaptará e flexibilizará este criterio, a alumnado deberá recoñecer e corrixir erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais. Este CA será aplicado na corrección de todas as probas e producións escritas do alumnado. Posto que se trata dun criterio transversal que se executa en todas as producións escritas, a súa consideración será constante. En consecuencia, non sendo en probas obxectivas que avalíen de xeito monográfico este contido, a súa cualificación representará ata un 10 % da nota en instrumentos como a rúbrica ou lista de cotexo e será aplicado en forma de desconto nas probas escritas nun máximo dun 10% coa seguinte proporción:

- Cada 2 erros no uso da til (A)* -0,10

- . Cada erro no uso das grafías (G)* -0,10
- . Mal uso dos signos de puntuación ou erros na súa escritura:
- . Ata -0,25, por puntuación moi deficiente.
- . -0,10 por non usar os signos de apertura de ¿? e ¡!

*No cómputo non se terá en conta a repetición dun mesmo erro ao non ser que se trate dunha palabra de uso frecuente.

6. Copia ou plaxio. A parte máis importante dun traballo ou dunha tarefa é a presentación de ideas propias e orixinais. É posible e desexable facer referencia ás ideas doutros autores, pero esas ideas alleas deben ser recoñecidas e citadas adecuadamente. A reprodución non declarada das ideas doutra persoa facéndoas pasar por propias considerarase plaxio e é un comportamento desleal. Por iso, cando se detecte un caso de copia, parafraseo mal disimulado (copia/pega máis ou menos conseguido), non será aceptado e a produción será cualificada cun cero.

Dado o uso indebido de plataformas de intelixencia artificial para crear textos a maioría das producións escritas realizaranse na aula.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dunha proba final en xuño que versará sobre as partes suspensas e a entrega do 50% das actividades prácticas sobre o currículo da materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A materia pendente queda recuperada no seguinte suposto:

- Avaliación positiva en dúas actividades prácticas sobre o currículo da materia, a realizar nos meses de decembro e abril. A cualificación, en tal caso, será 5.

En caso de non recuperarse a materia pendente pola vía indicada, ou en caso de querer aspirar a unha nota maior de 5, deberá superarse una proba final sobre o currículo da materia. A nota final será a desta proba. A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

Sen prexuízo de que ao longo do curso poidan aplicarse medidas de reforzo específicas, as medidas de atención e reforzo serán perfiladas unha vez se teña realizada a avaliación inicial. O Departamento de Orientación será o encargado de supervisar, asesorar e coordinar as medidas de atención ao alumnado, así como as intervencións e os apoios que deba desenvolver a profesora de Pedagogía Terapéutica do centro no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

As profesoras do Departamento, ademais de dispoñer do asesoramento directo da Orientadora, na plataforma Edixgal do centro contan con documentación de apoio e orientacións específicas para atender ao alumnado NEAE, publicadas polo Departamento de Orientación, que son de grande axuda para o tratamento do alumnado con deficiencias visuais, dificultades auditivas, TEA, TDAH, alumnado con dislexia, de altas capacidades, alumnado con descoñecemento das linguas oficiais, etc... A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais permite flexibilizar o contidos o que poderá incluír tanto a inclusión de contidos e adquisición de competencias propios de cursos superiores, como a ampliación de contidos e competencias do curso no que se atopa matriculado. Terase en consideración o ritmo e estilo de aprendizaxe deste alumnado e tamén daquel especialmente motivado pola aprendizaxe.

A partir da avaliación inicial, e segundo os informes que achegue o Departamento de Orientación e o equipo docente, o Departamento establecerá a necesidade de elaborar adaptacións curriculares individualizadas ou plans de traballo individuais dirixidos a aqueles alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas deben atender ao principio de inclusión educativa e oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos o alumnado, sexa cal sexa a súa condición persoal, pode aprender que a súa contorna educativa ofrece condicións necesarias de acceso e outorga experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.

- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo debe basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas de comprensión e produción oral nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais.

A competencia comunicativa dos alumnos nesta etapa é moi desigual e variada e, a miúdo, resulta difícil establecer cales son os coñecementos previos en moitas actividades de comprensión e produción de textos, así como o grao de razoamento lóxico formal do que dispoñen para resolver cuestións de orde gramatical. Daráselle prioridade á

comprensión e á produción textuais por ser estas as destrezas básicas para a aprendizaxe en calquera área e no propio desenvolvemento persoal e social. Xa que logo, nos procesos de ensino-aprendizaxe tratarase de fomentar o traballo autónomo dirixido á comprensión de textos variados, a composición de resumos, esquemas, mapas conceptuais que permitan representar, sintetizar e analizar o aprendido. Ademais pedirase a produción de textos de tipoloxía variada que se ocupen de temas e funcións que os acheguen a situacións comunicativas reais: notas, cartas, artigos xornalísticos, reclamacións, instancias, anuncios, instrucións, traballos monográficos, etc.

As medidas de atención á diversidade aplícanse en xeral a todo o alumnado para responder así as diferentes motivacións, estilos de aprendizaxe (competencias e intelixencias múltiples), coñecementos... pero teñen especial importancia no caso do alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais ou por condicións persoais. Preténdese con elas que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e tamén os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. A continuación especificanse algúns dos procedementos fixados para dar resposta a estas circunstancias:

o Diversidade metodolóxica: traballo individual e en pequenos grupos cooperativos. Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

o A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado

o Heteroxeneidade de materiais e recursos.

o Variedade de actividades de reforzo e profundización xunto coa realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuir a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

o Pluralidade de procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe.

o Diversidade de mecanismos de recuperación. Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

o Coidado dun bo clima de tolerancia e respecto na aula.

o Insistencia nos reforzos positivos para mellorar a autoestima.

o Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual

o O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - O compromiso co desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Liberdade de expresión.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación cívica en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Oratoria debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC. A participación no proxecto "Das raíces as estrelas" é unha oportunidade indiscutible para mobilizar e trasladar á comunidade todos estes obxectivos e contidos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Do texto á representación	A dramatización é un dos mellores medios para introducir o alumnado no mundo da literatura e da oralidade.	X	X	X
Elaboración e gravación dun noticiario	Esta actividade é idónea para desenvolver a competencia mediática e informacional. Ademais, a selección de noticias realizada polo propio alumnado despertará máis interese entre o alumnado e afianzará unha dinámica de traballo en equipo. Estudaremos a estrutura da noticia e faremos de reporteiros/as e investigadores/as. A clase dividirse en grupos para que cada un deles expoña una noticia de actualidade en diferentes ámbitos, pero vencellado ao proxecto Das Raíces ás Estrelas. A actividade consistirá en que, unha vez elaborado programa de investigación, se grave en vídeo e se expoña publicamente.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Creación dun anuncio publicitario	O obxectivo é persuadir o resto da clase para que merque o produto ou servizo, indicando por que é especial e como mellorará a nosa vida se o adquirimos.	X	X	X
Lecturas compartidas	Trátase dunha actividade na que o alumnado lerá textos de distinta tipoloxía ao alumnado doutros niveis. O obxectivo é, ademais de compartir a experiencia lectora, desenvolver o rol de lector en viva voz, cos requisitos que isto supón tendo en conta todos pos elementos que interveñen nunha situación comunicativa deste tipo.	X	X	X
Sementeira de lecturas	No marco do proxecto "Das raíces ás estrelas" creación dunha antoloxía audiovisual formada pola lectura dramatizada de fragmentos literarios en diferentes linguas que teñen a terra, o campo e os seus traballos como eixo.	X	X	X
Participación cos diferentes equipos de dinamización do centro	A biblioteca do centro e o EDLG organizan distintos certames de microrrelato, relato e poesía ao longo do curso. Os textos premiados adoitan ser lidos nos tempos de lecer no espazo da biblioteca. O alumnado da materia poderá ofrecerse voluntario para realizar estas lecturas, coa preparación necesaria previa, e coa finalidade de poñer en práctica os contidos da materia de Oratoria.	X	X	X

Observacións:

Realizarase, en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galega como xa se fixo en cursos pasados, un taller de escritura creativa e expresiva coa profesora M^a José Barreiro. Tamén, no caso de recibir unha oferta teatral ou cinematográfica axustada aos intereses da materia e á que se poida acudir en función do custo que suporá para o alumnado e as familias o Departamento levaráas a CCP e ao Consello Escolar para a súa aprobación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.

Desenvolvéronse actividades e estratexias potenciadoras da oralidade, co fin de que o alumnado adquirise os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).
En canto á temporalización, o control dos tempos e a planificación das actividades na sesións foron correctos
Metodoloxía empregada
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Medidas de atención á diversidade
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos e alumnas que así o requiren.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
En canto ás instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas foron axeitadas para o alumnado NEAE
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse ambiente de traballo positivo e favorecedor das aprendizaxes
Conseguíuse unha interacción baseada no respecto e a tolerancia
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e a colaboración das familias no traballo do alumnado
Realizouse unha coordinación efectiva co profesorado doutros departamentos

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de

análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

-A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.

-A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.

-A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.

-A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.

-A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

Aparte do seguimento do nivel de cumprimento da PD nos diferentes cursos que se faga nas reunións do Departamento, haberá outros momentos nos que se fará revisión tendo en conta os resultados académicos:

1. Nas sesións de avaliación trimestral. Tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:

-Análise dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.

-Casos particulares e proposta de medidas que se poden adoptar.

-Clima de traballo na aula.

-Valoración do funcionamento dos apoios e reforzos.

-Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.

-Compromisos para a seguinte avaliación.

2. Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

-Contidos non impartidos e as causas que o impediron.

-Modificacións introducidas.

-Propostas de mellora para o próximo curso.

- Valoración dos resultados académicos e identificación das posibles causas que afectaron negativamente.
- Valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Análise do funcionamento e utilidade das actividades complementarias.
- Análise dos resultados obtidos na avaliación ordinaria.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia Oratoria estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.

- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

Empregarase a lista de control ofrecida pola Consellería na páxina 53 e seguintes, no seu documento MANUAL DE AXUDA PARA A

ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

9. Outros apartados